

1. Bolsas e prácticas profesionais

1.3. Outros organismos públicos

O Instituto Español de Comercio Exterior (ICEX) ofrece unha sólida formación teórica en comercio internacional e unha formación práctica especializada.

INSTITUTO ESPAÑOL DE COMERCIO EXTERIOR (ICEX). BOLSAS DE INTERNACIONALIZACIÓN EMPRESARIAL

Requisitos

- Nacer a partir do 1 de xaneiro de 1990.
- Ser nacional dun dos Estados membros da UE.
- Estar en posesión da titulación universitaria superior específica segundo o tipo de bolsa que se convoque (Licenciatura, Grao, Enxeñería superior ou Arquitectura).
- Dominio da lingua española.
- Acreditar o coñecemento avanzado de inglés (mínimo esixido nivel B2 do Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas).
- Non ter gozado de bolsas de similares características.
- Valórase positivamente coñecementos doutros idiomas, o CV, coñecementos de ofimática, exposición ó campo da Xestión e a Internacionalización e outros estudos de posgra.

Lugar

Estudos de máster en Madrid.
No caso de ser seleccionada para a fase de prácticas, os destinos poden ser múltiples, dentro da Rede de Oficinas Económicas e Comerciais no Exterior. Existe, ademais, unha segunda fase en empresas e Organismos Internacionais.

Prazos de solicitude

Entre 1 e o 7 de maio de dous anos antes do período de desenvolvemento da bolsa.
Será necesario abonar a cantidade de 60 euros en concepto de dereitos de inscrición e xestión.

Proceso de selección

Para cada convocatoria un tribunal determina os procedementos e probas pertinentes. Ademais de test psicotécnicos e a realización dunha entrevista (na que tamén se valorará nivel de inglés), debe cursarse un Máster Universitario en Xestión Internacional da Empresa, impartido pola Fundación Centro de Estudios Económicos y Comerciales.

Para máis información: icex.es

Duración e contía

A remuneración anual oscila entre 21.000€ e 48.000€, segundo o destino, máis gastos de viaxe. A duración estará determinada polo tipo de bolsa.

O programa constará de dous fases: unha primeira fase de prácticas desenvolvida entre xaneiro e decembro do 2020 e unha segunda desenvolvida a partir de xaneiro de 2021, cun ano de duración, consistente en prácticas en empresas, entidades ou organismos internacionais.